



Instituto de Investigación Sanitaria
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Investigadores do IDIS publican un traballo sobre o avance dun tratamento para doentes tras un ictus

Na revista Annals of Neurology, da Sociedade Americana de Neuroloxía, unha das máis prestixiosas do mundo no eido da neuroloxía

O Grupo de Neurociencias Clínicas do Hospital Clínico traballa dende hai anos na busca dun fármaco que axude a reducir as lesións neuronais tras un ictus, xa que os tratamentos actuais apenas poden beneficiar a un 20% dos doentes

Santiago, 6 de agosto de 2018- A revista oficial da Sociedade Americana de Neuroloxía, *Annals of Neurology*, situada entre as máis importantes no ámbito neurolóxico mundial, ven de publicar un estudo levado a cabo por investigadores do Laboratorio de Neurociencias Clínicas do **IDIS**, dirixido polos doutores Francisco Campos e José Castillo. Obtiveron resultados moi prometedores en doentes cun novo tratamento para o ictus. O artigo titúlase *Validación clínica do atrapamento de glutamato en sangue no ictus isquémico*.

O grupo do Laboratorio de Neurociencias Clínicas do Hospital Clínico de Santiago ven traballando dende hai anos no obxectivo de atopar un fármaco que puidese axudar a reducir as lesións neuronais tras un ictus. Buscaban un tratamento que puidese ser administrado a un gran número de pacientes, xa que os tratamentos actuais apenas poden beneficiar a preto dun 20% dos doentes. O reto era acadar unha estratexia terapéutica que se puidese aplicar mesmo antes da chegada do doente a un centro hospitalario, é dicir nun centro de saúde ou no propio transporte sanitario, xa que poder administrar un tratamento nas primeiras horas é vital para reducir secuelas e mesmo para a supervivencia.

Unha das súas liñas de investigación enfocáse no bloqueo dun composto chamado glutamato, que está asociado ao dano neuronal tras o ictus. Dita estratexia xa fora probada polo grupo en modelos experimentais de laboratorio con resultados favorables.

No estudo que acaba de publicar *Annals of Neurology* probouse dita estratexia terapéutica nunha poboación de 50 (25 tratados e 25 controis) pacientes con ictus isquémicos. “Aínda que o número de pacientes incluído foi reducido, os resultados que obtivemos demostran que esta estratexia presenta altas expectativas de converterse nun futuro tratamento para o ictus”, subliña o Dr. Francisco Campos.

Este traballo foi realizado en colaboración co laboratorio da Prof. Mabel Loza (**IDIS**) e o Prof. Eddy Sotelo, ambos da USC, e co centro bioGUNE de Biscaia. O estudo foi parcialmente subvencionado polo programa PRIS da Xunta de Galicia e mostra a eficacia do apoio



@fidis_santiago



@FIDIS.Santiago

<http://www.idisantiago.es/>
prensa.santiago@sergas.es

981 950023 // 629 25 37 54



Instituto de Investigación Sanitaria
SANTIAGO DE COMPOSTELA

institucional na innovación para levar os resultados da investigación básica en beneficio dos pacientes.

Ictus

O ictus cerebral (causado pola obstrución dunha arteria cerebral) é a segunda causa de mortalidade no mundo entre as persoas de máis de 60 anos e é a quinta causa de mortalidade entre as persoas de 15 a 59 anos. Ademais, o ictus é unha causa importante de morbilidade e discapacidade, o que supón unha tremenda carga económica e social, difícil de soste polas familias e institucións. Esta situación é mesmo máis preocupante en rexións con poboacións envellecidas como é a poboación galega. O cerebro require unha achega constante de glucosa e osíxeno, por tanto, ante unha obstrución da achega de sangue ao cerebro como ocorre tras un ictus, se non se restablece de forma inmediata, a aparición da lesión neuronal sobrevén en cuestión de horas.

É por iso polo que o ictus considérase unha emerxencia médica onde se debe actuar coa maior rapidez para evitar o dano neuronal. Hoxe en día, os procedementos destinados a reperfundir (abrir) a arteria ocluída representan os únicos tratamentos dispoñibles. Pero este tipo de tratamentos están limitados a un reducido número de pacientes (menos do 15-20% no mellor dos casos), principalmente debido á curta xanela terapéutica, xa que en moitos casos, cando o paciente chega ao hospital xa é demasiado tarde. Outra das limitacións que presentan é que deben realizados nun centro hospitalario axeitado baixo a supervisión dun médico especializado, xa que previo á súa administración, o paciente debe de ser avaliado por un neurólogo e TAC ou por resonancia magnética.

Sobre o *IDIS*

O Instituto de *Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS)* é un centro de investigación traslacional, de innovación e transferencia de coñecemento que favorece as sinerxias entre a Área Sanitaria de Santiago de Compostela e a Universidade, ás que están vinculados 80 grupos e máis de 1.000 investigadores. Naceu en 2008 para poñer en valor o coñecemento aplicado e converteu a Galicia en referente internacional no campo da biomedicina. Foi o primeiro centro galego acreditado polo Instituto de Saúde Carlos III en 2010 e a súa captación de fondos para a investigación creceu un 255% desde entón. Lidera proxectos de investigación europeos desde o ámbito das neurociencias e a pediatría.

Saúdos



@fidis_santiago



@FIDIS.Santiago

<http://www.idisantiago.es/>

prensa.santiago@sergas.es

981 950023 // 629 25 37 54